

Amigas e amigos.

Nesta cidade que algún día será habitada dos soños que guiaron a vida de Don Ricardo Carballo Calero, nesta cidade onde a il entusiasmanos cos nosos soños de futuro continuación dos seus, soños nascidos para que esta terra poida ser outra cousa, apresentámoslles hoxe *Ricardo Carballo Calero. A razón da esperanza*, a razón polo que debemos ser para o futuro.

Apresentámoslles esta publicación, que ven acompañada deste vídeo, que analizan a obra e falan do viver de Don Ricardo Carballo Calero. Froito da súa vida deixounos unha grande obra e, como un sol, que a ela toda aluma a súa honestidade e a súa integridade coa súa conducta nascida da convicción e do compromiso. Para esta nación foi un referente ético insobornábel na defensa da dignidade colectiva por sernos roubada a súa xeración a súa figura tomou a presenza máis intensa, pois nel viamos a todo o colectivo que na preguerra ergueu a forxa na que hoxe martelamos o ferro do presente.

Para a miña xeración foi, en fin, a estrela que guía entre as sombras e a nós anuncia o camiño e os seus soñares, foi a estrela da mañá que nos desperta aos traballos para que sexan froito do rigor e da honesta busca, foi un intelectual do seu tempo co que iso significa de non neutralidade, a súa xeración viviu e padeceu a violencia do fascismo e aínda así aportou o seu esforzo intelectual.

Aínda ben recentemente, nos anos finais do seu viver entre nós, voltou a sufrir o autoritarismo dos holdins que nutren a administración: a súa conducta, nascida do compromiso nacionalista, provocoulle problemas cos estamentos oficiais, e contra máis atacado era, máis querido e reivindicado polas novas xeracións era o incuestionábel mestre dos máis novos, e terémolo no pórtico da patria comunal, da patria libre.

Don Ricardo Carballo Calero non vai ser para nós unha figura a que lembrar de cando en vez senón o camarada do día a día, o compañeiro do traballo cotián, e para iso temos a súa obra e o seu exemplo.